

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 11 DE FEBREIRO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e cincuenta minutos do día once de febreiro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as, D^a Berta Pérez Hernández, D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 28 DE XANEIRO E 4 DE FEBREIRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendentes de aprobación os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 28 de xaneiro e 4 de febreiro do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

_____Dase conta do informe de data 4.2.13 do Departamento de Xestión de Ingresos, referente a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras, e que indica o seguinte:

*"INFORME DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS
(INSPECCIÓN)*

ASUNTO: OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27.7.2012), en vigor regula o aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

Os artigos 3 e 4 da dita ordenanza regulan as solicitudes e autorizacións.

Tendo en conta que a tempada de verán rematou o día 30 de setembro do 2012, esta inspección informa da ocupación de vía pública con mesas e cadeiras sen realizar a preceptiva solicitude a partir do 1 de outubro, dos seguintes establecementos:

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR OSCAR PIÑEIRO FERNÁNDEZ (BAR "BULE BULE"), con DNI nº 73.240.927-A, con enderezo en rúa Longán, nº 8-4º-Coiro, para a ocupación de 20,00 m2. con mesas e cadeiras no referido lugar, durante toda a tempada do ano 2012.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JULIA CORDEIRO MALLO (TABERNA "O ARCO"), con DNI nº 78.733.222-J, con enderezo en Praza do Arco, nº 8-Cangas, para a ocupación de 24,00 m2., no referido lugar.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR BEATRIZ MARTÍNEZ MAGDALENO (BAR "O PORTUJÉS"), con DNI nº 35.312.807-X, con enderezo na Avda. de Ourense, nº18-1ºB-Coiro, para a ocupación de 40,00 m2., en rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PILAR BROULLÓN MIRANDA (BAR "LA VERGA"), con DNI nº 78.732.013-T, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 73-3ºA-Cangas, para a ocupación de 80,00 m2., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 17-Cangas.

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE LUIS FONSECA ÁLVAREZ (CAFETERÍA "ANAMAR"), con DNI nº 78.732.308-L, con enderezo na Avda. de Bueu, nº 16-baixo-Cangas, para a ocupación de 16,00 m2., no referido lugar.

10.- SOLICITUDE PRESENTADA POR CARLOS BROULLÓN NÚÑEZ (BAR "MACILLOS"), en representación de "MACILLOS, C.B.", con CIF nº E-94.041.985, con enderezo en rúa Saralegui, nº 24-Cangas, para a ocupación de 10,00 m2. diante da fachada do local sito no referido lugar.

11.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS CHAPELA GONZÁLEZ, con DNI nº 78.730.282-V, con enderezo en rúa Real, nº 12-baixo-Cangas, en representación de "SUCAR, C.B." (BAR "O BATEL"), con CIF nº E-36.461.317, para a ocupación de 16,00 m2., no referido lugar.

13.- SOLICITUDE PRESENTADA POR FÉLIX SEGUNDO RODRÍGUEZ LEMOS, con DNI nº 78.736.514-Q, en representación de "DO ANEL, C.B." (BAR CANGAÇEIRO), con NIF nº E-36.465.201, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 20-baixo-Cangas, para a ocupación de 68,00 m2. na Avda. Castela-Cangas.

18.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARGARITA MONTES GRAÑA, (BAR "MONTES"), con DNI nº 78.734.872-F, con enderezo na Avda. Méndez Núñez,

nº 34-baixo-Cangas, para a ocupación de 104,00 m2., na Praza das Pontes. Condicionarase a presente autorización a deixar libre un espazo de 4,00 m. entre a fachada do local e a instalación da terraza.

19.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE ALBERTO CASTRO ANTÓN (BAR "BONIN"), con DNI nº 78.737.564-P, con enderezo na Avda. de Eugenio Sequeiros, nº 37-Cangas, para a ocupación de 72,00 m2., diante do local sito en Paseo de Castelao, nº 1-Cangas, condicionado a deixar libre o paso de acceso ó Paseo de Castelao.

22.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ADRIANO LÓPEZ PARCERO, (BAR CACTUS), con DNI nº 78.731.983-Q, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 7-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., con mesas e cadeiras no referido lugar, denegándose a instalación de toldo.

24.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GEMMA PORTELA CALVAR, (CAFETERÍA "BOCADOS") en representación de "GEMA PORTELA, S.L.", con NIF nº B-94.031.069, con enderezo na Xunqueira, nº 5-3º-Moaña, para a ocupación de 48,00 m2., enfronte e 16,00 m2., á beira da fachada do seu local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4-Cangas.

25.- SOLICITUDE PRESENTADA POR FARIDA ABDESLAM (CAFETERÍA "LA VIE EN ROSE"), con DNI nº X-5.248.591-Z, con enderezo en rúa Enseñanza, nº 60-4º-Darbo, para a ocupación de 64,00 m2., na Avenida Eugenio Sequeiros.

28.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE ANGEL LÓPEZ PARCERO, (TABERNA "DOS CHATA"), con DNI nº 35.280.528-T, con enderezo en rúa Fomento, nº 43-3ºD-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., diante do local sito en rúa do Hío, nº 16-Cangas.

29.- SOLICITUDE PRESENTADA POR LISANDRA MACHADO AGUILA, (BAR "ALOCUBANO"), con DNI nº Y-1.463.823-W, con enderezo en rúa Cuba, nº 3-Cangas, para a ocupación de 48,00 m2., diante do local sito na Praza das Pontes.

31.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSEFA MALVIDO CAMAÑO (BAR "ALAMEDA"), con DNI nº 35.293.196-H, con enderezo en rúa Praza do Arco, nº 1-Cangas, para a ocupación de 36,00 m2. con mesas e cadeiras no referido lugar.

32.- SOLICITUDE DE JOAQUÍN FRÍAS VILLAESCUSA (BAR "O CAIXÓN DE QUINI"), con DNI nº 4.544.852-Y, con enderezo en Praza do Eirado do Costal, nº 15-baixo-Cangas, para a ocupación de 13,65 m2., con mesas e cadeiras a instalar no referido lugar.

36.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARCIAL IGLESIAS ESTÉVEZ, (BAR "CRISMAR"), con DNI nº 76.834.570-B, con enderezo en Aldea de Arriba, nº 1-

4º esquerda-Coiro, para a ocupación de 12,00 m2., diante do local sito na Avda. de Montero Ríos, nº 5-Cangas.

37.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOAQUÍN CASÁS MOLANES, (CAFETERÍA "O TOSTADEIRO"), en representación da sociedade "CAFETERA DEL MORRAZO JOMAIT, S.L.", con NIF nº B-36.401.073, con enderezo na Avda. de Lugo, nº 24-Coiro, para a ocupación de 20,00 m2., diante do local sito no referido lugar.

38.- SOLICITUDE PRESENTADA POR CARMEN PARADA SANTAMARÍA (BAR "LÚPULO"), DNI nº 35.274.482-A, con enderezo en rúa Santabaia, nº 8-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., no referido lugar.

40.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSÉ JORGE FREIRE PÉREZ (CAFETERÍA OASIS), con DNI nº 78.739.500-N, con enderezo na Avda. de Marín, nº 7-baixo-Cangas, en representación da entidade "FREIRE HOTEL, C.B.", con CIF nº E-36.379.550, para a ocupación de 12,00 m2. diante do local sito no referido lugar, durante o período de verán e ata o 28 de febreiro do ano 2013.

42.- SOLICITUDE PRESENTADA POR Mª DEL CARMEN MOREIRA ALONSO (BAR OCTUBRE), con DNI nº 36.039.065-C, con enderezo en rúa San Xosé, nº 25-baixo-Cangas, para a ocupación de 16,00 m2., no referido lugar.

44.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSÉ RAMÓN OTERO OTERO (BAR ALONDRAS), con DNI nº 78.739.602-E, en representación da entidade "BAR ALONDRAS, C.B.", con CIF nº E-36.436.723, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 8-Cangas, para a ocupación de 20,00 m2., na beirarrúa da Avda. Montero Ríos, nº 8.

45.- JUAN MANUEL OTERO CRUJEIRAS (THE OLD ENGLISH BAR), con DNI nº 53.117.149-Y, con enderezo en rúa Baiona, nº 13-Cangas, para ocupación de 20,00 m2., diante do local.

46.- J. CARLOS SOLIÑO POUSADA (BAR A DO RABUXI), con DNI nº 35.279.919-N, con enderezo na Avda. de Marín, nº 3-Cangas, para ocupación de 8,00 m2., diante do local.

47.- CONSUELO GONZÁLEZ BRUN (BAR ARUBA), con DNI nº 35.280.580-Y, con enderezo en rúa Saralegui, nº 14-Cangas, para ocupación de 16,00 m2., na fronte do local.

48.- MARÍA TERESA POCEIRO ALONSO (CAFETERÍA ANDURIÑA), con DNI nº 44.075.656-C, en representación de ANDIÑA, C.B., con CIF E-940.017.548, e con enderezo na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, para a ocupación de 60,00 m2., na fronte do local.

PROPOSTA: procede facer liquidación dos establecementos indicados pola ocupación de vía pública con mesas e cadeiras desde o 1 de outubro ó 31 de

decembro do 2012, sen prexuízo da sanción que lles poida corresponder por non presentar solicitude e non estar autorizados polo concello."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente do Departamento de Xestión de Ingresos Municipal.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 7 DE FEBREIRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBA-LOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgárase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.364.- A Ramón Piñeiro Mariño, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 78-Cangas, para en Camiño Vello, nº 5-Rodeira-Coiro, en solo urbano, regulado pola Ordenanza 7, demoler a vivenda existente nunha superficie de 211,50 m²., e construír unha vivenda unifamiliar de 103,18 m²., de soto, 86,43 m²., de planta baixa, outros tantos de primeiro andar, 56,95 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 44,25 m²., terrazas, de conformidade co proxecto básico de setembro e decembro do 2012, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 24.455.- A Pablo Avilés Diz, con enderezo na Avda. de Marín, nº 23-1º esq.-Cangas, para na Rozada-Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 102,35 m².,

de planta baixa, 102,70 m2., de primeiro andar, 57,13 m2., de terrazas, 46,20 m2., de galpón e 37,00 m2., de piscina, de conformidade co proxecto básico de decembro do 2012, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 7 de febreiro do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de NOVECIENTOS CATORCE CON DEZASEIS (914,16) euros.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.881.- A "CUGARVI, S.L.", con enderezo en rúa Vincenti, nº 5-Cangas, modifícaselle a licenza municipal de primeira ocupación de edificio na Avda. de Vigo-Cangas, no sentido en que se outorga para 8 vivendas.

3.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º- Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por "Casa da Luz de Aldán, S.L.", Ref. Expte. A-PO-2012/241 para terreo sito en Pías-Francón- Aldán:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística, de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias, de Planeamento do Concello de Cangas:

- *Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*
- *Cualificación urbanística do soloS SNUN-PC, solo non urbanizable de protección de costas.*
- *Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.*
- *Infórmase favorablemente o expediente en cuestión por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas, ordennaza de aplicación SNUN-PC."*

EXPEDIENTE S/N.- Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º- Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Dolores Piñeiro Baqueiro, Ref. Expte. A-PO-2012/30 para terreo sito en Viñó-O Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.

- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de costas, solo non urbanizable de protección de espazos naturais. De acordo coa documentación obrante no Concello de Cangas, parte da parcela sinalada emprázase no dominio público marítimo terrestre.

- Infórmase favorablemente o expediente en cuestión por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas, ordenaza de aplicación epígrafe 2.12 das Normas Urbanísticas I e ordenanzas de aplicación o solo non urbanizable de protección de costas e espazos naturais."

3.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.424.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Germán Villar Martínez, con enderezo en Outeiro-Balea, nº 20-B-Darbo, e que consiste nunha división en dúas parcelas netas: nº 1 de 767,00 m²., e nº 2 de 302,70 m²., e dúas parcelas de cesión ó viero: nº 3 de 5,70 m²., e nº 4 de 7,45 m²., procedentes de un predio matriz de 1.082,85 m²., sito en Outeiro-Balea-Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, visado con data 28 de novembro do 2012.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas nº 3 e nº 4.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

EXPEDIENTE Nº 24.472.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Josefa Bermúdez Fernández, con enderezo en Lontreira, nº 7-Aldán, e que consiste nunha división en 2 parcelas netas: nº 1 de 1.360,55 m²., e nº 2 de 1.324, 52 m²., e unha parcela de cesión ó viero de 10,15 m²., procedentes de un predio matriz de 2.695,22, sito en Lontreira, nº 7-Aldán.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus memb.ros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de xaneiro do 2013.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, ten que incorporarse á vía pública a parcela nº 3.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

3.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.488.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en rúa Nova-Cangas, executar unha canalización de 46,97 metros, para gas natural, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.223.- A Emilio Sousa Vázquez, con enderezo en Cando, nº 1-1º D- Porriño, para en Viñó, nº 43-O Hío, reconstruír-reparar un tramo de cerramento de 30,00 metros de longo por 0,70 de alto, de cachotería rústica por derrubamento e denegar as obras de colocación da malla metálica enriba do muro a reconstruír, por non estar permitido este material en solo rústico de protección de espazos naturais, nin sobrepasar máis dos 70 cm. de cachotería.

EXPEDIENTE Nº 24.291.- A María del Carmen González Barreiro, con enderezo en Camiño de Vilariño, nº 2-O Hío, para no referido lugar, chapear un cerramento en 10,00 m2., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.346.- A Luz Divina Guevara Vila, con enderezo en Mondariz, nº 8- 4º esq.-Vigo-para en Nerga-O Hío, construír un cerramento de 25,95 metros de lonxitude e 0,70 de alto, de conformidade coa documentación presentada e informe da Consellería de Medio Ambiente, de data 17 de decembro do 2012.

EXPEDIENTE Nº 24.354.- A Isabel Baqueiro Sotelo, con enderezo en Baixada ó Colexio, nº 6-Espiñeira-Aldán, para en Francón-Aldán, construír un cerramento de 90,09 metros, de conformidade coa documentación presentada, informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 20 de decembro do 2012 e distando, como mínimo, 4 metros ó eixo do camiño, a que se levante desde a rasante do camiño e a que enrrese co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

EXPEDIENTE Nº 24.358.- A Vanessa Tomé Graña, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 97-2ºE-Cangas, para en rúa Ferrol, nº 3-2ºesq.-Cangas, para reparación de instalacións interiores en vivenda, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.442.- A Isabel Fernández Collazo, con enderezo en Brea, nº 128- Sampaio-Vigo, para en "Chan da Veiga"-Darbo, construír un cerramento de 311,11 ml., de conformidade coa documentación presentada e distando, como mínimo, 4 metros ó eixo do camiño, a que se levante desde a rasante do camiño e a que enrrese co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

Acéptaselle a cesión gratuíta do terreo para o vieiro efectuada o 29 de xaneiro do 2013.

3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.631.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR LAURA LAGO GONZÁLEZ.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de estableemento sito en Praza do Progreso, nº 7-baixo-Cangas, dedicada a centro de estética, que ata a data rexentaba Adolfinia González González e que a partir desta data pasa a Laura Lago González, con enderezo no referido lugar.

3.D) EXPEDIENTE Nº 1.503.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR "SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA SANTA CRISTINA".

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- En data 10 de decembro do 2012, a Xunta de Goberno Local de Cangas acordou suspender a tramitación da licenza de apertura para local comercial de venda de flores, plantas e semillas sito en República de Cuba, nº 4-Cangas, solicitada por "SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA SANTA CRISTINA", de conformidade co previsto no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.

O acordo no que se indicaban o réxime de recursos aplicables e os prazos para interpoñelos foi notificado ó interesado, en prazo e forma, presentándose recurso de reposición por Pablo González Sotelo e José Rial González, en representación de Sociedade Cooperativa Galega Santa Cristina.

SEGUNDO.- No recurso de reposición presentado en data 14 de xaneiro do 2013, rexistro de entrada 435, os interesados alegan que a suspensión acordada pola Xunta de Goberno Local non está abeirada en ningún dos supostos contidos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común e, polo tanto consideran que o acto administrativo recorrido é nulo ou subsidiariamente anulable.

No seu escrito indican igualmente que de non dictar resolución por parte da administración entenderase estimada a solicitude de licenza por silencio administrativo, de conformidade co previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Os artigos 194 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas.
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia (RDU).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS:

I. - Da documentación obrante no expediente comprobouse que a Xunta de Goberno Local de Cangas acordou suspender a tramitación da licenza de apertura para local comercial de venda de flores, plantas e semillas sito en Rúa República de Cuba, nº 4-Cangas, solicitada por SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA SANTA CRISTINA, de conformidade co previsto no artigo 42.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, ó situarse dita actividade nun local do cal se reivindica a súa titularidade por parte do Concello de Cangas.

O artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, permite suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar unha resolución, entre outros supostos, cando deban solicitarse informes que sexan preceptivo e determinantes do contido da resolución a un órgano da mesma ou doutra administración, polo tempo que medie entre a petición e a recepción desta.

Debe sinalarse que por Resolución de Alcaldía de data 10.08.12 solicitouse á Consellería de Facenda a reversión do inmovible sito en Rúa República de Cuba, nº 4- Cangas.

Atopándose en trámite o expediente polo que se solicita a reversión do inmovible cedido gratuitamente no seu día á Hermandade de labradores e gandeiros de Cangas, por parte do Concello de Cangas a suspensión da tramitación de dita licenza de apertura ten a súa base en que, de resultar o concello titular de dito inmovible non está interesado en ceder o seu uso a ningún terceiro, polo que, co fin de evitar prexuízos ó solicitante e posibles indemnizacións futuras, que afecten as arcas municipais se suspende a tramitación do expediente de licenza. A Hermandade de labradores e gandeiros de Cangas está extinta e na cesión efectuada polo concello no ano 1951, existía unha cláusula que indicaba a procedencia da reversión do inmovible ó patrimonio municipal de non dedicarse esta ó mesmo fin proposto.

Así mesmo en canto á declaración de nulidade ou anulabilidade solicitada non procede a súa declaración respecto do acto administrativo recorrido toda vez que non se dan os requisitos contidos no artigo 62 ou 63 da lei 30/1992, do

26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común para a súa declaración.

Tampouco resulta de aplicación a figura do silencio administrativo contido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, do silencio administrativo, toda vez que o transcurso do prazo para resolver se suspende en virtude do establecido no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común para a súa declaración.

II.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local "Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o dictase..."

De conformidade cos antecedentes expostos a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por Pablo González Sotelo e José Rial González, en representación de Sociedade Cooperativa Galega Santa Cristina, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro do 2012, no que se acordou suspender a tramitación da licenza de apertura para local comercial de venda de flores, plantas e semillas sito en República de Cuba, nº 4-Cangas, polas consideracións técnicas e legais expostas confirmando isto en tódolos seus termos.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución ós interesados para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme co disposto no artigo 14.º3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

TESOURERÍA

4º.- INFORME DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

4.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
ROGELIO IGLESIAS LODEIRO R/Coitivada, nº 14-Vilariño-O Hío.	AVAL	1.430,55 €	LICENZA EXPTE. DE OBRAS Nº 20.453
ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ R/Praza da Constitución, nº 3-1º-36.202-Vigo.	AVAL	2.925,00 €	Redacción do proxecto técnico de finalización da construción de piscina cuberta e climatizada.
JESÚS GARCÍA RODAS R/Praza da Constitución, nº 3-1º-36.202-Vigo.	FIANZA	397,47 €	LICENZA Nº 20.681 E EXPTE. Nº 21.242.
EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO, S.L. R/San Amaro, s/n-Aldán.	AVAL	1.675,00 €	Canalización para un RBTS en Espiñeira-Aldán.

4.B) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
BANCO CAIXA GERAL C/María de Molina, nº 38-Madrid.	AVAL	901,52 €	Subministración de un equipo de proceso de datos e programas para a sincronización total da administración municipal.
OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L. ALVARO JAIME LOIS PUENTE R/Michelena, nº 23-1ºD-36.001-PONTEVEDRA.	AVAL	30.799,85 €	Segunda fase do proxecto reformado de ampliación do Cemiterio de Aldán.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- REGULARIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO MERCADIÑO MUNICIPAL.

5.A) SOLICITUDE DE RAMONA MARTÍNEZ NORES S/MODIFICACIÓNS DE POSTOS DE VENDA.

Visto o escrito presentado en data 30.1.13 por RAMONA MARTÍNEZ NORES, con enderezo en rúa Oriente, nº 5-Cangas, no que indica que figura como titular de tres postos de venda de froita no Mercado Municipal e solicita a baixa do posto nº 32, así mesmo, indica que figura como titular de un posto de venda ambulante no Mercadiño Municipal dos martes e venres de 3,00 metros, e comunica que está a ocupar 7,00 metros, polo que solicita as modificacións pertinentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Dar a baixa a Ramona Martínez Nores, como titular do posto nº 32 do Mercadiño Municipal.

SEGUNDO.- Proceder á ampliación a 7,00 metros, de posto de venda no Mercadiño Municipal dos martes e venres a nome de Ramona Martínez Nores.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, conserxes do Mercadiño Municipal e Tesourería.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

6.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
JESÚS IGLESIAS PIÑEIRO Administrador Comunidade Propietarios "GARAJES ROMA" CIF Nº H-36.485.092	Avda. de Marín, nº 23-1º esquerda-Cangas.	Rúa Atranco, nº 12-Coiro.

6.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESAPARICIÓN.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a

renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por desaparición, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
RAFAEL PÉREZ FERRADÁS	Avda. José Graña Montes, nº 3-Aldán.	Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 360, por desaparición deste sinal.

6.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/NECESIDADE DE SINALIZACIÓN VIARIA NA AVDA. DE PONTEVEDRA.

Dase conta de informe emitido en data 6.2.13 pola Policía Local, referente a necesidade de sinalización viaria na Avda. de Pontevedra, que di o seguinte:

"ASUNTO: NECESIDADE DE SINALIZACIÓN VIARIA NA AVDA. PONTEVEDRA.

Os policía locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023, por medio do presente, informan:

Que seguindo as instrucións recibidas do xefe de policía, na tarde do día 6 de febreiro de 2013, achegáronse ata a Avda. Pontevedra para ver as necesidades da rúa no que respecta á sinalización viaria, para procurar unha mellor seguridade de tódolos usuarios da mencionada vía. Unha vez no lugar, realízase reportaxe fotográfica do estado actual do vieiro, destacando a ausencia de calquera tipo de sinalización horizontal que divida os carrís de circulación, das zonas de estacionamento, así como, de pasos de peóns, etc.

Por outra banda, consideran que sería aconsellable, se se pensa tomar algún tipo de medida para paliar ditas deficiencias, e a tenor da existencia dun parque infantil co conseguinte perigo que pode conlevar a irrupción de menores na vía, que se limitara a velocidade da rúa, podendo ser a velocidade límite de 30 km/h, unha velocidade axeitada.

Que para reforzar a sinalización vertical e horizontal, poderíase instalar na proximidade do parque infantil, un paso de peóns con reductor de velocidade. O que trasladan para o coñecemento e os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.".- EXPEDIENTE Nº 24.433.

LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.433.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo na Avda. de Arteixo, nº 171-A Coruña, para en Angueiro-A Madalena-Darbo, en solo rústico, construír unha subestación Cangas ST 66/20KV, de 332,90 m2., de soto e 334,30 m2., de planta baixa, de conformidade co proxecto visado con data 19 de decembro do 2012, con un orzamento de execución material de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS TRINTA E NOVE CON CINCUENTA E CATRO (1.232.539,54) EUROS, condicionándose a concesión da licenza de obra ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- Obtención do informe sectorial da Dirección Xeral de Sostibilidade e Pasaxe e cumprimento dos condicionantes que neste se establezan.

- Obtención do informe de Augas de Galicia e cumprimento dos condicionantes que neste se establezan.

- Obtención do informe do Servizo de Estradas e cumprimento dos condicionantes que neste se establezan.

Neste senso compre advertir que a presente licenza non será efectiva ata o momento en que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na presente licenza.

B) ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA S/CANDIDATURA DE DAVID CAL FIGUEROA ÓS PREMIOS PRÍNCIPE DE ASTURIAS-2013 NA CATEGORÍA DE DEPORTES.

Visto o escrito de data 8.2.13 remitido polo Secretario Xeral para o Deporte da Xunta Galicia, referente á candidatura de David Cal Figueroa ós premios "PRÍNCIPE DE ASTURIAS-2013", na categoría de Deportes, que é como segue:

"O Goberno de Galicia presentará a candidatura de David Cal Figueroa ós Premios Príncipe de Asturias-2013 na categoría de Deportes.

Os innumerables méritos atesourados polo deportista, entre os que se inclúen cinco medallas olímpicas -e que o teñen levado a ser o español con mais medallas en Xogos Olímpicos-, cinco medallas en Campionatos do Mundo ou seis en Campionatos de Europa, entre outros moitos meritorios resultados internacionais, avalan a presentación da súa candidatura a este premio que, como ben é sabido, é un dos mais relevantes en España e fóra das nosas fronteiras.

Esta extraordinaria traxectoria de David Cal, e que xa foi recoñecida co Premio Nacional do Deporte Don Felipe de Borbón- 2004, ou coa Medalla de Ouro da Real Orde do Mérito Deportivo en 2003, entre outras distincións, entendemos é xustificadamente meritoria deste novo galardón, e a cuxa candidatura nos compracería enormemente sumar o apoio da súa institución.

Toda vez que a presentación de candidaturas finaliza o próximo mes de marzo, rogámoslle nos puidera facer chegar, se así o estima oportuno, o seu apoio antes da finalización do presente mes de febreiro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co texto íntegro do escrito remitido polo Goberno de Galicia, referente á presentación de David Cal ós premios "PRÍNCIPE DE ASTURIAS-2013", acorda adherirnos ó escrito mencionado da Secretaría Xeral para o Deporte, así como, apoiar totalmente a candidatura de David Cal Figueroa ós Premios Príncipe de Asturias-2013 na categoría de Deportes.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.